



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2021/G003/000248

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** Prazas vacantes na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón Curso 2021/2022

**EXPEDIENTE:** [2021/S004/000001](#)

**ANTECEDENTES:**

Segundo o Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón, no seu artigo 3, punto 3.9, recolle que unha vez estudadas pola comisión todas as reclamacións presentadas e resoltas procederase á publicación da relación definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda no taboleiro do concello e no da EIM Raíña Lupa, coa puntuación obtida.

14/04/2021. Publicouse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na EIM Raíña Lupa e na páxina web [www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es) a lista provisional de admitidos e non producíndose no prazo estipulado ningunha reclamación.

27/04/2021. Elevouse a definitiva a listaxe provisional de admitidos na EIM Raíña Lupa, estipulando un prazo de 15 días hábiles para formalización de matrícula.

Transcorrido dito prazo de formalización da matrícula a través das canles estipuladas ao efecto, a EIM Raíña Lupa de Boqueixón dispón de **dezaseis prazas vacantes** que se poñen a disposición dos interesados

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, ECONÓMICAS E XURÍDICAS

Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón.

### RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Poñer a disposición dos interesados as dezaseis prazas vacantes na EIM Raíña Lupa.

**SEGUNDO.** Para acceder a ditas prazas deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento de Réxime interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón; a selección das solicitudes efectuarase en función do establecido no artigo 3 e concordantes do Regulamento de réxime interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón (BOP núm. 221 do 21 de novembro de 2017).

**TERCEIRO.** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello e na EIM Raíña Lupa de Boqueixón e na páxina web [www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es), para o coñecemento dos interesados.

Na publicación farase constar que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo

dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

**CUARTO.** Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Manuel Fernández Munín, alcalde

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor